

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA E O CONCELLO DE ARBO PARA A CELEBRACIÓN DA LVIII FESTA DA LAMPREA DE ARBO

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Dominguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, o alcalde-presidente do **concello de Arbo**, Horacio Gil Expósito, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E doutra, D. Lino Comesaña Calvo, en nome e representación de **ABANCA Corporación Bancaria, S.A.**, en adiante ABANCA, con domicilio social na cidade de Betanzos, A Coruña, rúa Cantón Claudino Pita, nº2, na súa calidade de Director de Negocio Institucional en Galicia, Asturias y León, de acordo coa escritura autorizada polo notario D. _____, o día 4 de xaneiro de 2010.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello de Arbo, segundo se sinala no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración Festa da Lamprea de Arbo.

Este ano Arbo celebrará a 58ª edición da Tradicional “Festa da Lamprea”, unha das festas gastronómicas máis veteranas da España e declarada de interese turístico nacional. Terá lugar a última fin de semana do mes de abril, os días 28,29 e 30 de abril. Durante eses días celebración Arbo ofrecerá as súas singularidades en temas turísticos, gastronómicos e promocionar dentro do evento gastronómico o turismo activo, o turismo rural e os elementos culturais parellos aos evento gastronómicos.

Este festival gastronómico celébrase dende 1961 e dada a importancia turística, económica e tradicional que este evento representa para este Concello e o seu entorno, foi recoñecida como **Festa de Interese Turístico Nacional** pola Secretaría de Estado de Turismo por resolución o 12 de abril de 2016.

Esta festa ten como característica singular, que é a festa gastronómica máis antiga de Galicia.

O Concello consciente deste valor en alza, organiza os eventos mediante a participación conxunta de restauradores e adegueiros locais. A maridaxe que se produce entre produtos fluviais e viño brancos da DO rías Baixas dá, se cabe, maior realice aos eventos gastronómicos que se celebren.

Coa celebración da LVIII Festa da Lamprea Arbo consegue os obxectivos de promocionar o sector restaurador local, dar pulo aos viño da DO Rías Baixas producidos en Arbo, amosar que a riqueza fluvial do Río Miño permite unha gastronomía específica durante todo o ano, facer patente a enorme potencialidade que en turismo activo ten este concello, impulsar ao turismo rural local promocionando a riqueza paisaxística, patrimonial e de lecer e, finalmente vinculando todo elo con valores culturais e oportunidades de ocio respectuoso que se poden desenvolver neste pequeno Concello do rural durante todo o ano.

Deste xeito, non resulta posible promover a concorrência debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar a entidade conveniente, dado que é a única que organiza o Festa da Lamprea de Arbo.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de

Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

No exercicio destas funcións, a Axencia está interesada en apoiar ao Concello no desenvolvemento da festa indicada no punto anterior por ser unha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega vinculada ás festas de interese turístico, como medida de promoción e fomento do turismo para o impulso da mellora económica do sector. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello arriba indicado a entidade organizadora deste evento.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto.- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Arbo para o apoio á celebración do Festa da

Lamprea de Arbo, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Segunda.- Orzamento e financiamento

Os gastos realizados na celebración do Festa da Lamprea de Arbo no ano 2018 polo concello de Arbo ascenden a 83.290,00.-€ de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Importe
Publicidade festa en publicidade, carteis, trípticos da LV Festa da Lamprea de Arbo e Anuncios en diversos medios de prensa e comunicación	16.800,00 €
Carpas e escencarios	21.200,00 €
Ponencias xornadas técnicas e gastos pregonero	2.300,00 €
Pirotecnica	1.500,00 €
Iluminación e son	4.700,00 €
Suministros varios (gas, acuarios)	2.500,00 €
Actuacións de grupos artísticos	24.000,00 €
Seguridade e organización	4.100,00 €
Seguros	590,00 €
Demostracións artesanais	600,00 €
Restauración	5.000,00 €
TOTAL	83.290,00 €

Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.1 “Axudas a festas de interese turístico” cunha achega de 25.000€ dos orzamentos xerais da Comunidade

Autónoma Galega para o ano 2018. Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta do Concello a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio. (A achega da Axencia, 25.000€, fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do orzamento estimado, aos efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor do Concello , unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2018**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cuarta.- Compromisos das partes

1. O **Concello** comprométese a:
 - Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da

actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acreditar o cumprimento por parte do concello do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de conformidade co disposto no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo

requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- En relación á colaboración con ABANCA, incorporar o distintivo corporativo desta entidade nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia. Este distintivo deberá incluírse en calquera soporte publicitario que faga promoción da festa por parte da Organización, ocupando unha porcentaxe dun 2% como espazo mínimo en ditos soportes publicitarios, extremo que será comprobado pola entidade ABANCA. Así mesmo, deberá remitir ao correo electrónico galiciaenfestas@abanca.com, previa a produción dos soportes publicitarios, unha mostra da aplicación do distintivo da entidade nos soportes. ABANCA validará a aplicación da súa marca e remitirá un xustificante que o acredite.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

3. **ABANCA** colaborará nas accións descritas cunha achega de 5.000.-€

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir

responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

I.- A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.**

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, o Concello deberá presentar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **15 de xuño de 2018**.

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegrada (ou, no seu caso, minorada a achega da Axencia, 25.000€) unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levanan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e

se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

II.- A achega de ABANCA será pagada directamente por esta ao Concello, unha vez que este concello remita á dita entidade o detalle dos soportes publicitarios. Para tramitar a colaboración de ABANCA, o citado concello deberá remitirlle dirección galiciaenfestas@abanca.com a seguinte documentación:

- Solicitud de abono en formato pdf. (Anexo 1)
- Memoria en formato pdf na que se amosen fotografías dos soportes publicitarios onde se aplicou a marca ABANCA.
- Xustificante emitido por ABANCA, antes da celebración da festa, no que valide a aplicación do seu distintivo nos soportes publicitarios.

Oitava.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar **pagamentos anticipados**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sin que se sobrepase a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o Concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello está exonerado de constituír garantía relativa aos anticipos previstos nesta cláusula.

Novena.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por seis persoas, dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Décima.- Modificacións do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo cuarta.- Consentimento para a publicidade de datos persoais

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2018**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio no lugar arriba indicado.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo concello de Arbo

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde

María Nava Castro Domínguez

Horacio Gil Expósito

Por ABANCA

O Director de Negocio Institucional en Galicia, Asturias e León

Lino Comesaña Calvo

ANEXO 1:

INSTRUCCIÓN: Cubrir o documento, con firma e selo e remitir en pdf a galiciaenfestas@abanca.com, xunto con:

- Memoria acreditativa da aplicación da marca ABANCA en todos os soportes publicitarios producidos con motivo da festa (formato pdf)
- Xustificante da validación previa de ABANCA á aplicación do seu distintivo/logotipo en todos os soportes publicitarios.

MODELO DE SOLICITUDE DE ABONO

Nome da persoa que asina o escrito, cargo que ocupa e entidade á que pertence

Exemplo: , *alcalde do Concello de Cervo, Lugo*

Visto o protocolo de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria SA con o *[NOME DO CONCELLO/ENTIDADE]*, con *[CIF]*, para a celebración de *[NOME DA FESTA]*, no que recolle unha colaboración por importe de *[IMPORTE RECOLLIDO NO CONVENIO]* €.

Visto que xa se remitiu tanto a Axencia Turismo de Galicia como Abanca:

- Memoria acreditativa da aplicación da marca ABANCA en todos os soportes publicitarios producidos con motivo da festa (formato pdf)
- Xustificante da validación previa de ABANCA á aplicación do seu distintivo/logotipo en todos os soportes publicitarios.

SOLICITO,

O ingreso do patrocinio recollido no protocolo de colaboración na conta que o *[NOME DO CONCELLO/ENTIDADE]* ten aberta en Abanca número: ESXX- 2080- XXXX -XXXX- XXXX- XXXX

Firma, selo e data